



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 21 DE XULLO DO 2016.

ASISTENTES:

<p>Presidente:</p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>D^a María Herminia Pouso Maneiro D^a Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Víctor Reiriz Lampón D. Anxo Orellan Fernández</p>	<p>Interventor:</p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p>Secretario xeral</p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten:</p>
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día vinte e un de xullo do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Non se presenta ningún acta para a súa aprobación

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 19/07/2016, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:






Número de relación	2016-000024
Importe total	817.471,56 €
Número de facturas	402
1ª factura.	
Emisor (Cif)	444463265X
Importe	285,00 €
Última factura	
Emisor (Cif)	H70119755
Importe	90,72 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	18/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Realización de dous spots publicitarios de 20 segundos cada un e a emisión dos mesmos a razón de 7 impactos diarios entre o 25/07/2016 e o 15/09/2016, coincidindo coas datas máis álxidas do verán		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	TELEVISIÓN DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, S.L.		
NIF/CIF:	B36223600		
Importe (Exento IVE):	4.041,40 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	11/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Realización da obra de aporte de zavorra en camiño a Os Castelos e minipala para limpeza de camiño en Artes		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (11/07/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.		
NIF/CIF:	B15555923		
Importe (Exento IVE):	1.470,15 €		
Observacións:			




CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	3	Data	13/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 50 carteis e 200 tarxetóns, co motivo do concerto de piano solidario a cargo de Mine Kawakami		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.		
NIF/CIF:	J15626245		
Importe (Exento IVE):	150,23 €		
Observacións:			

Nº Proposta	4	Data	13/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer, afinación e transporte de piano de cola, co motivo do concerto de piano solidario a cargo de Mine Kawakami		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GALIMUSIC, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	GALIMUSIC, S.L.		
NIF/CIF:	B15245400		
Importe (Exento IVE):	605,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	13/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Aluguer de escenario, equipo técnico de son e iluminación e servizo técnico para montaxe e desmontaxe de infraestrutura, co motivo do concerto de piano solidario a cargo de Mine Kawakami		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ		
NIF/CIF:	52936417P		
Importe (Exento IVE):	181,92 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	13/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Autorización de gastos en concepto de imprevistos co motivo do concerto de piano solidario a cargo de Mine Kawakami		
Nº orzamentos aportados		Provedores	






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Informe:	
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	
NIF/CIF:	
Importe:	150,00 €
Observacións:	

Nº Proposta	7	Data	18/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José M. Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 8 m3 de formigón H200 árido 20 mm, para arranxo de parte de pista en Corrubedo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	HORMIGONES DE XARÁS, S.L.		
NIF/CIF:	B15025786		
Importe (Exento IVE):	724,06 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	18/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José M. Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 55 m2 de mallazo, para arranxo de parte de pista en Corrubedo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15972649		
Importe (Exento IVE):	81,86 €		
Observacións:			

Nº Proposta	9	Data	18/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José M. Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	2 contedores para regoller escombros, para arranxo de parte de pista en Corrubedo		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.		
NIF/CIF:	A15146608		
Importe (Exento IVE):	187,00 €		
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Nº Proposta	10	Data	18/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José M. Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	4 contedores para retirada de escombros da nave ocasionados en diversas obras		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.		
NIF/CIF:	A15146608		
Importe (Exento IVE):	528,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	11	Data	19/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Recepción de inscrición, confección de cadros e horarios e control técnico, co motivo da celebración do Torneo Festas do Verán e Torneo Santa Uxía de tenis		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BLAS RAMÓN SOBRIDO LAGO
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BLAS RAMÓN SOBRIDO LAGO		
NIF/CIF:	76966169G		
Importe (Exento IVE):	726,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	12	Data	19/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 100 carteis, co motivo da celebración do Torneo Festas do Verán e Torneo Santa Uxía de tenis		
Nº orzamentos aportados	4	Provedores	- FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA - DOSTEX, S.L. - ROTULACIONES TEIRA - SANYG ARTES GRÁFICAS, S.C.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA		
NIF/CIF:	52930719Z		
Importe (Exento IVE):	49,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	13	Data	18/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO	Realización de recoñecemento médico e proba física de esforzo, dotación de equipamento obrigatorio de protección individual e		





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


		ferramentas para a brigada de prevención de incendios forestais en virtude de convenio entre o Concello de Riveira e a Consellería do Medio Rural	
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A.		
NIF/CIF:	A28476208		
Importe (Exento IVE):	6.903,12 €		
Observacións:			

Nº Proposta	14	Data	14/07/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRIPCIÓN DO GASTO	Alugueiro de contedor para depositar material sen seleccionar procedente das paraias (algas, residuos ...) durante 93 días (desde o 06/06/2016 ata o 06/09/2016 ambos incluídos), retirada e colocación de contedor, e xestión de residuos entregados na planta de tratamento (en función do volume)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.		
NIF/CIF:	A15146608		
Importe (Exento IVE):	3.136,10 €		
Observacións/Anexo ao acordo:	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda deixar sen efecto o acordo adoptado por decreto da Alcaldía, de data 01/06/2016, no que se autorizaba un gasto polo mesmo concepto e menor importe, debido a que como consecuencia da acción do vento e das mareas a cantidade de algas depositadas nos areais e retiradas durante o mesde xuño ao levar a cabo unha limpeza de choque para deixar os areais en estado óptimo de cara á tempada de verán fixo que se esgotase a previsión máxima de recollida e transporte feita para todo o período de aluguer.		

MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.

Modificación de Crédito. Xeración de Crédito 4/16:

Vista a Proposta da Alcaldía de data 19/07/2016 na que propón a aprobación da **Xeración de Crédito 4/16**, co motivo da sinatura dun convenio entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia (04/07/2016) para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais, mediante a actuación de dous vehículos motobomba e unha brigada de extinción de incendios; e de acordo co seguinte detalle:





XC 4/16

Partida de gasto		
Clasificación por programas	Clasificación económica	Aumento
136	131.00	36.769,53 €
136	160.00	10.703,76 €
136	221.03	4.691,92 €
136	221.04	3.000,00 €
136	227.06	729,41 €
342	226.09	34.693,60 €
Total		55.894,62 €
Concepto de ingreso		Aumento
450.63		55.894,62 €
Total		55.894,62 €

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor Acctal., Jorge González Mariño de data 19/07/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación a **Xeración de Crédito 4/16**, proposta pola Alcaldía.

III.- CONTRATACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación



VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.


1.- Vistos os escritos presentados por **Comunidade de Propietarios do Edificio Banco Pastor**, de datas 01/03/2016, 19/04/2016, 10/05/2016 e 21/06/2016 (Rexistros de entrada nº 1.996, 4.451, 5.459 e 8.155), nos que solicita licenza de obras para construción de rampla de acceso a edificio de 1,20 metros de ancho con ocupación superficial de 6,90 m² de espazo público, na Rúa Ramón y Cajal nº 2, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0715901NH0101N0001RF.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 28/06/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 05/07/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO BANCO PASTOR, **AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA** na Rúa Ramón y Cajal nº 2, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0715901NH0101N0001RF, nos termos do Proxecto Técnico visado polo C.O.E.T.I de data 3.5.16 redactado por Pablo Sabaris Escudero:

- *A ocupación da vía pública concédese por un prazo de 4 anos, prorrogable por períodos do mesmo tempo e previa petición do interesado, e sempre que se manteñan as condicións obxecto da mesma.*
- *A autorización poderá ser revogada unilateralmente polo Concello de Riveira en calquera momento por razón de interese público, sen xerar dereito de indemnización, e cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, ou produzan danos no dominio público, ou impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, ou mesmo menoscaben o uso xeral.*
- *Igualmente, cando se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreviviren circunstancias que de existir naquel momento, xustificarian a denegación. En ningún destes supostos, o interesado terá dereito a indemnización algunha por este concepto.*
- *En todos os casos, o adxudicatario está obrigado a suprimir a instalación á súa costa, abandonando e deixando libres e vacíos, a disposición do Concello e dentro do prazo que se lles fixe, os bens obxecto de utilización, recoñecendo a potestade deste Concello para acordar e executar o lanzamento.*

Segundo.- CONCEDER á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO BANCO PASTOR **LICENZA DE OBRAS (Nº 40/16)** para **CONSTRUCCIÓN DE RAMPLA DE ACCESO DE 1,20 M. DE ANCHO E 6,90 M² DE SUPERFICIE CONSTRUÍDA** na Rúa Ramón y Cajal nº 2, Riveira, en parcela con refª catastral nº





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

0715901NH0101N0001RF, nos termos do Proxecto Técnico visado polo C.O.E.T.I de data 3.5.16 redactado por Pablo Sabaris Escudero:


- *A rampla considerarase que forma parte dos elementos constructivos do acceso ao local que sirva, polo que as labores de conservación da rampla e o seu mantemento en estado de limpeza e decoro, así como calquera responsabilidade que poidese sobrevir pola existencia da mesma, correrá a cargo do solicitante.*
- *O incumprimento do anterior será causa de caducidade da autorización concedida.*

Terceiro.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Cuarto.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*






- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Quinto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





Oitavo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Noveno.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A CORRECCIÓN DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 12 DE MAIO DE 2016 POLO QUE SE CONSTITÚE DIVISIÓN HORIZONTAL.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva de Manzana.

REFª CATASTRAL: 0817001NH0101N0001HF.

SITUACIÓN: Rúa Concepción Arenal nº 1, Riveira.

PROMOTOR/A: Jenaro Fernández Méndez.


DOCUMENTACIÓN: Escritura de aceptación de herencia / Copia de Certificado Fin de Obra / Copia do recibo do I.B.I.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Jenaro Fernández Méndez, solicitábase en escritos rexistrados de entrada nas datas 6.4.16 e 8.4.16, (Rexistro de entrada nº 3.704 e 3.930), licenza de innecesariedade para a realización de división horizontal do edificio sito na Rúa Concepción Arenal nº 1 con refª catastral nº 0817001NH0101N0001HF, achegando coa solicitude Escritura de aceptación de herencia, Copia de Certificado Fin de Obra, Copia do recibo do I.B.I.

2.- Posteriormente por Jenaro Fernández Méndez, preséntase en escrito rexistrado de entrada na data 21.4.16, (Rexistro de entrada nº 4.597), corrección dos





anteriores escritos e solicitude de autorización para constitución da división horizontal do inmueble.

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 12 de maio de 2016 acordou por unanimidade

“

(...)

CONCEDER a Jenaro Fernández Méndez a AUTORIZACIÓN PARA CONSTITUCIÓN DE DIVISIÓN HORIZONTAL do complexo inmobiliario sito en parcela con refª catastral nº 0817002NH0101N0003RH na Rúa de Galicia nº 49, (antes Avda General Franco nº 25), Riveira.

(...)”

4.- Posteriormente por Jenaro Fernández Méndez, preséntase en escrito rexistrado de entrada na data 13.7.16, (Rexistro de entrada nº 9.2637), corrección do acordo da Xunta de Goberno Local de sesión de data 12 de maio de 2016 no que se refire á refª catastral e o emprazamento da edificación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela na que se atopa a edificación que nos ocupa clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CON ORDENANZA 1ª RESIDENCIAL INTENSIVA COLECTIVA DE MANZANA.**

Segundo.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo LOUG), dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Terceiro.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.



Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Escritura de aceptación de herencia asinada pola notario M^a Covadonga Vázquez López, Copia de Certificado Fin de Obra, Copia do recibo do I.B.I.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, entenderase outorgada por silencio administrativo, de conformidade co disposto nos artigos 43 e 44 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.- O artigo 145 da LOUG establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Quinto.- A Lei de de propiedade horizontal ten por obxecto a regulación da forma especial de propiedade establecida no artigo 396 do Código Civil, que se denomina propiedade horizontal.

Establece a Lei 49/1960 de 21 de xullo de propiedade horizontal nos termos da modificación introducida polo Real Decreto Legislativo 7/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana que, requirirán autorización administrativa en todo caso a constitución e modificación do complexo inmobiliario.

Sexto.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto visto escrito presentado por Jenaro Fernández Méndez, en escrito rexistrado de entrada na data 13.7.16, (Rexistro de entrada nº 9.2637), vista a Escritura de aceptación de herencia, e visto o informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 14/07/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**



Primeiro.- CONCEDER a Jenaro Fernández Méndez a MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 12 DE MAIO DE 2016 nos termos do escrito presentado na data 13.7.16, (Rexistro de entrada nº 9.2637), **CONCEDENDO A AUTORIZACIÓN PARA CONSTITUCIÓN DE DIVISIÓN HORIZONTAL** do compexo inmobiliario sito en parcela con refª catastral nº 0817001NH0101N0001HF na Rúa Concepción Arenal nº 1, Riveira.

Segundo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.


Visto o escrito presentado por **Sonia Olveira Dios**, de data 05/07/2016 (Rexistro de entrada nº 8.822), no que solicita xustificante de que a vivenda situada na Graña, 61 carece de cédula de habitabilidade.


A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 08/07/2016, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta administración se informa que a vivenda unifamiliar sita na graña, Riveira da que é titular Sonia Olveira Dios, non ten concedida nin solicitada a licenza de primeira ocupación, descoñecendo o informante o estado de execución no se atopa a referida vivenda unifamiliar.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.


RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DON DARIO TRILLO LEMA EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO GARAXE GARCIA BAYON Nº1 , COMO CONSECUENCIA DA ROTURA DE UN COLECTOR DA REDE XERAL DE SUMINISTRO DE AUGA. Expediente nº: 8/2016 RP.


Visto o expediente seguido neste Concello a instancia de **Don Dario Trillo Lema en representación da Comunidade de Propietarios de Garaxes do Edificio nº1 da Calle García Bayon de Riveira**, co obxecto de determinar a responsabilidade patrimonial desta entidade local, como consecuencia dos danos sufridas polo reclamante por mor do funcionamento dos servizos públicos locais e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- Na data 29/03/2016 (Rex. Entrada nº 3262), Don Dario Trillo Lema, en representación da Comunidade de Propietarios do Garaxe do Edificio nº1 da Calle Garcia Bayon presenta escrito polo que interpón reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos por filtracións de auga nos garaxes da Comunidade de Propietarios García Bayón como consecuencia da rotura de un colector da rede xeral de suministro de auga

Segundo.- Por Decreto de Alcaldía de data 03/06/2016, resolveuse admitir a trámite a reclamación presentada e entender iniciado o procedemento para determinar a responsabilidade patrimonial en que presuntamente incorreu o Concello de Riveira. Así mesmo, comunícase ao interesado que a súa solicitude non reúne os requisitos esixidos nos artigos 139 da LRXPAC e 6.1 do Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, aprobado por Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, xa que non concretaba a data exacta na que se produciron os feitos, a avaliación económica total dos danos e non aportaba os seguintes documentos orixinais ou copias debidamente compulsada: acta elección do presidente da comunidade, autorización da presidenta da comunidade a favor de don Dario Trillo Lema, copia do poder notarial autorizando a representación de don Dario Trillo Lema así como os estatutos da comunidade onde consten a relación de propietarios afectados polos danos que se reclama, polo que se lle require para que no prazo de dez días hábiles, contados desde o día seguinte ao da práctica da notificación, emende a falta dos





referidos requisitos, coa advertencia de que si así non o fixera teráselle por desistido da súa petición.

Terceiro.- Consta no expediente que a notificación do Decreto de data 03/06/2016, foi practicada ao reclamante na data 10/06/2016.

Cuarto.- Non consta no expediente que por parte do reclamante se procedera á emenda da falta dos requisitos referidos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015

Segundo.- Na tramitación do expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, de 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial.

Terceiro.- O artigo 71 da Lei 30/1992 dispón que: *“Si a solicitud de iniciación non reúne os requisitos que sinala o artigo anterior e os esixidos, no seu caso, pola lexislación específica aplicable, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez días subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42”.*

Cuarto.- No caso que nos ocupa, o requirimento de subsanación da solicitude foi realizado e notificado ao interesado, coa indicación esixida no artigo 71 antes mencionado, sen que ata o de agora, e pasados os dez días de prazo para subsanar, se producise a emenda requirida.

Quinto.- O artigo 42 da Lei 30/1992, di que no caso de desistimento da solicitude, a resolución consistirá na declaración da circunstancia que concorre, con indicación dos feitos producidos e as normas aplicables.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo instructor do procedemento e Secretario Xeral do Concello de Riveira, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 18/07/2016, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Ter por desistido da súa petición de reclamación de responsabilidade patrimonial a Don Dario Trillo Lema, en representación da Comunidade de Garaxes García Bayón nº1 formulada mediante escrito rexistrado de entrada na data 04/07/2016, co número 8.737, e declarar concluso o devandito procedemento, ao non producirse a subsanación da súa solicitude no prazo outorgado, tal e como se lle requiriu mediante Decreto da Alcaldía de data 03/06/2016, notificado na data 13/12/2014. Todo elo, de conformidade cos artigos 42.1, 71.1 e 139 da Lei



30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións pública e do procedemento administrativo común e co artigo 6.1 do Regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, aprobado por Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo.

XII.- VAOS PERMANENTES.

Visto o escrito presentado por **María Chouza Brión**, de data 08/07/2016 (Rexistro de entrada nº 9.038), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible sito en Rúa Campo da Agra, nº 19 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/07/2016 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**


Conceder a **María Chouza Brión** autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo con liña amarela fronte ao vao permanente debidoa a que a rúa é moi estreita, na entrada ao garaxe do inmovible sito en Rúa Campo da Agra, nº 19 (Corrubedo).


- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito remitido polo **Xulgado Contencioso/Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela**, de data 15/07/2016 (Rexistrado de entrada en data 21/07/2016 co nº 9.631), no que se remite testimonio da sentenza estimatoria nº 198/2016, de data 07/06/2016, así como o expediente administrativo correspondente (Procedemento Ordinario 986/2014 – Proyectos y desarrollos Renovables, S.L. contra Concello de Riveira), e na que falla:

“1.- Se estima parcialmente el recurso contencioso-administrativo nº 986/2014, interpuesto por la entidad Proyectos y Desarrollos Renovables, S.L., contra la desestimación por silencio por el Concello de Riveira de la reclamación previa presentada en solicitud de pago de la cantidad de 929.280 euros, en virtud de lo previsto en el pliego de cláusulas económico-administrativas del concurso para la construcción y explotación del Parque Eólico Singular ubicado en el Monte Forcados, en el que resultó concesionaria la mercantil Norvento, S.L.





2.- *Se anula dicha desestimación por silencio, ordenándose al Concello de Riveira que proceda conforme a lo dispuesto en el fundamento de derecho quinto de la presente resolución*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á execución da sentenza estimatoria nº 198/2016, de data 07/06/2016, do Xulgado Contencioso/Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela, nos termos establecidos na citada resolución.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á PRORROGA DA EMPRESA MUSIEVENTOS NO VIVEIRO DE EMPRESAS

SOLICITANTE: JUAN MANUEL PEREZ PEREZ

DNI: 52936417P


EMPRESA: MUSIEVENTOS (EMPRESA EN FUNCIONAMENTO 27/04/2016)

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Riveira de data do 26/05/2016 no que se *acorda "autorizar a cesión dun espazo no Viveiro de Empresas de Riveira á empresa "Musieventos", no cal xa poderá levar a cabo a súa actividade, pero condicionado a que no período máximo de 2 meses este concello reciba informe favorable da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela, previa presentación pola empresa "Musieventos" da súa memoria de viabilidade empresarial mellorada, para o cal poderá contar co asesoramento da Cámara de Comercio de Santiago"*.

Visto o informe de valoración modificado do proxecto: "Musieventos", elaborado pola Cámara de Comercio no que conclúe: *"El proyecto se considera viable, aunque necesita un control exhaustivo de los gastos en los dos primeros ejercicios, en los que presenta unos saldos de tesorería de carácter negativo, por lo que se hace necesario un ajuste de los gastos corrientes en partidas que no afectan al desarrollo normal de la actividad."*

A la vista de los resultados obtenidos en los balances y en pérdidas y ganancias, la actividad empresarial necesita un trabajo de control y desarrollo puntilloso y perfectamente ajustado a las necesidades que vayan surgiendo en la empresa, lo que mantendrá un plan de empresa vivo, que se verá modificado según las exigencias del mercado.

Que la empresa continúe con su crecimiento dependerá del trabajo estructurado y planificado del emprendedor, siempre atendiendo a un plan de negocio que será la guía de actividad de la empresa. Deberá tener en cuenta en la





estructura de ventas, que la excesiva dependencia de administraciones públicas podría condicionar el futuro nivel de facturación, e intentar ampliar sus servicios a nuevos clientes en diferentes ámbitos.”

Visto o punto 1 do artigo 11.- “Duración do contrato”, da Ordenanza Reguladora do Viveiro de Empresa de Riveira, no que se recolle que: “1. O prazo máximo do contrato será de dous anos (poderá prorrogarse en 1 ano máis no caso de que haxa vacantes), transcorridos os cales, a empresa deberá abandonar o espazo cedido deixándoo libre e expedito, sen necesidade de requirimento especial e sen dereito a indemnización ningunha ao seu favor. Caso de que non o fixer poderán levar a cabo cantas actuacións sexan necesarias para proceder ao desaloxo.”

A **Xunta de Goberno Local**, Visto o informe con proposta de resolución emitido pola Técnico de Desenvolvemento Local, María Paz Vidal, de data 19/07/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Primeiro.- Prorrogar a cesión do espazo no Viveiro de Empresas de Riveira á empresa “Musieventos”, por un prazo de 22 meses a contar dende o 1 de agosto de 2016, desta maneira estaría os dous anos que se establece no punto primeiro do artigo 11 da ordenanza reguladora do Viveiro de Empresas de Riveira.


Segundo.- facerlle entrega, no momento de sinatura da prórroga do espazo no Viveiro de Empresas, do “Regulamento interno do Viveiro de Empresas de Riveira”.


RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A SOLICITUDE DE CESIÓN DE DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL DA MEMORIA TÉCNICA REFERIDA ÁS ACTUACIÓNS DE RECUPERACIÓN PATRIMONIAL E POSTA EN VALOR DO CASTRO DA CIDÁ.

Visto o escrito remitido pola **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural – Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, de data 12/07/2016 (Rexistrado de entrada en data 19/07/2016 co nº 9.537), no que solicita a cesión de dereitos de propiedade intelectual da memoria técnica referida ás actuacións de recuperación patrimonial e posta en valor do Castro da Cidá (Cód. Expte.- ED 102ª 2014/071-0).

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

1.- **Aprobar**, como promotor das actuacións e titular dos dereitos, a cesión de dereitos de propiedade intelectual da memoria técnica resultante referida ás actuacións de recuperación patrimonial e posta en valor do Castro da Cidá (Cód. Expte.- ED 102ª 2014/071-0) á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, coa finalidade





de difundilas nun repositorio dixital no que este concello figurará como promotor da intervención arqueolóxica.

2.- Remitir ao Servizo de Arqueoloxía-Subdirección Xeral de Conservación e restauración de BBCC, copia deste acordo, así como o documento anexo de "Declaración de cesión non exclusiva de dereitos para distribuir, almacenar e preservar en formato dixital as memorias resultantes da actividade arqueolóxica" debidamente asinado.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e cinco minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 21 de xullo de 2016

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral



CONCELLO DE RIVEIRA
ALCALDE

Manuel Ruiz Rivas



CONCELLO DE RIVEIRA
SECRETARIO XERAL

Juan Manuel Salguero del Valle